


Unidade 7:

As vagas revolucionarias

1. Introducción

A **Restauración** imposta tras o **Congreso de Viena** (1814-1815) buscaba restaurar o orde anterior á Revolución Francesa mediante a volta das monarquías absolutas, a defensa do principio de lexitimidade e a intervención das potencias no caso de que a orde fose ameazada. Sen embargo, esta volta ao Antigo Réxime non puido ocultar que Europa estaba a vivir profundas transformacións políticas, económicas e sociais que facían difícil o retorno ao pasado. **O liberalismo, o nacionalismo e as mudanzas provocadas pola Revolución Industrial alimentaron un clima de inestabilidade** que pronto se concretou en diversas **vagas revolucionarias**.

Estas revolucións caracterizáronse polo seu alcance internacional, a participación de grupos sociais novos (burguesía e clases populares urbanas) e a existencia de obxectivos políticos que combinaban as reivindicacións liberais clásicas (constitucións, limitación do poder real, dereitos e liberdades...) co desexo de construír novas nacións ou de liberar territorios sometidos a imperios plurinacionais.




2. Vaga revolucionaria de 1820

A primeira gran vaga revolucionaria tras a Restauración tivo o seu punto de partida en **España**, onde o pronunciamento do coronel **Rafael del Riego** obrigou Fernando VII a restaurar a Constitución de 1812 e abriu o período, coñecido como **Trienio Liberal** (1820-1823). Esta revolución representou un desafío directo ao sistema saído do Congreso de Viena, pois poñía en cuestión a lexitimidade dos monarcas absolutos e demostraba que o liberalismo seguía vivo.

Tras o triunfo dos liberais españois, a vaga comezou a estenderse rapidamente por distintos países europeos:

- ➔ En **Portugal** proclamouse unha constitución de tipo liberal.
- ➔ No **Reino das Dúas Sicilias** e no **Piemonte** (en Italia) producíronse revoltas que reclamaban reformas políticas e autonomía fronte á tutela de Austria.
- ➔ En **Grecia** a revolución adquiriu un forte carácter nacionalista e independentista fronte ao Imperio Otomano. A Guerra de Independencia grega (1821-1830) converteuse nun símbolo do nacionalismo romántico europeo e contou co apoio internacional de voluntarios e intelectuais.



Non obstante, as grandes potencias absolutistas decidiron aplicar os principios do Congreso de Viena. Debido a isto, a **Santa Alianza** interviu en España mediante o exército dos “Cen Mil Fillos de San Luis”, liderado polo duque de Angulema, que restauraron o absolutismo de Fernando VII. Algo similar ocorreu na península Itálica, mentres que os gregos si lograron un éxito definitivo, converténdose nun Estado independente recoñecido en 1830.

Así, a vaga revolucionaria de 1820 puxo de manifesto varios aspectos:

- ➔ **A forza crecente do liberalismo** no contexto europeo.
- ➔ **A vontade de moitos pobos de romper estruturas** políticas e territoriais herdadas do Antigo Réxime.
- ➔ A capacidade das potencias absolutistas, polo menos neses momentos, de **manter o sistema da Restauración**.

3. Vaga revolucionaria de 1830


A segunda gran vaga revolucionaria europea tivo comezo en **Francia**, cando a política conservadora de **Carlos X** provocou un forte rexeitamento entre a burguesía e as clases populares urbanas. As “Tres Xornadas Gloriosas” de xullo de 1830 remataron coa caída do monarca e a instauración dunha **monarquía parlamentaria** baixo o novo rei **Luis Felipe de Orleans**, a coñecida como “Monarquía de Xullo”. O cambio supuxo un avance do liberalismo, aínda que mantivo limitacións en forma dun sufraxio censitario que favorecía á alta burguesía.

A revolución en terras francesas actuou de detonante para outros territorios, sobre todo naqueles onde o sistema restaurador era máis feble:

- ➔ **Bélxica** proclamou a súa independencia do Reino dos Países Baixos, configurándose como un Estado liberal e constitucional.
- ➔ **Polonia**, sometida ao Imperio Ruso, protagonizou unha revolta nacionalista que acabou sendo esmagada polas tropas do tsar.
- ➔ **Os estados alemáns e italianos** viviron movementos liberais e nacionalistas, que buscaban constitucións e maior autonomía fronte á tutela austríaca, pero foron duramente reprimidos.

A vaga revolucionaria de 1830 demostrou que o ideario do Congreso de Viena comezaba a amosar fisuras irreparables, sobre todo por dúas razóns principais:

- ➔ **O liberalismo consolídase**, con avances moi relevantes en Francia e Bélxica.
- ➔ **O nacionalismo emerxe con forza**, especialmente en territorios sometidos a imperios plurinacionais.



4. Vaga revolucionaria de 1848

A máis extensa e profunda das vagas revolucionarias do século XIX comezou tamén en **Francia**, pero desta volta a causa dunha crise económica e social, con malas colleitas, subida dos prezos, elevado paro urbano e empobrecemento das clases populares. A incapacidade da “Monarquía de Xullo” para dar resposta ás demandas de reforma política acelerou a caída de Luis Felipe de Orleans e abriu paso á proclamación da **II República francesa**.

As **principais medidas** republicanas incluíron:

- ➔ O **sufrixio universal masculino**, que ampliou moito a participación política.
- ➔ A apertura de debates sobre a **cuestión social** e os dereitos laborais.
- ➔ A elección de **Luis Napoleón Bonaparte** como presidente da República.

Esta revolución evidenciou unha **ruptura interna no liberalismo**:

- ➔ A **alta burguesía** era partidaria dunha monarquía constitucional moderada.
- ➔ A **pequena burguesía e o proletariado urbano**, pola contra, demandaban reformas sociais, dereitos laborais e maior democratización.

Fóra de Francia, a vaga revolucionaria transformouse na chamada “**Primavera dos pobos**”, pola forte presenza de reivindicacións nacionalistas. Entre os principais focos destacaron:

- ➔ **O Imperio Austríaco**, onde húngaros, checos, italianos ou croatas reclamaron maior autonomía ou independencia. As reformas iniciadas foron desmanteladas pouco despois.
- ➔ **Os estados alemáns**, encabezados por Prusia, onde se convocou unha Asemblea para debater a unificación de Alemaña, que non prosperou pola falta de acordo e a resistencia prusiana e austríaca.
- ➔ **A península italiana**, onde se mobilizaron forzas liberais e nacionalistas que serían o antecedente inmediato do Risorgimento.



Aínda que **a maioría das revolucións fracasaron a curto prazo**, puxeron de manifesto que a Europa do Antigo Réxime non podía sobrevivir intacta nun continente que xa avanzaba cara a novos modelos políticos e sociais. De feito, a importancia histórica da vaga de 1848 foi inmensa:

- ➔ **Consolidou o liberalismo** como referencia política fundamental.
- ➔ **Deu un impulso decisivo ao nacionalismo**, que acabaría cristalizando nas unificacións de Italia e Alemaña.
- ➔ **Apareceu o movemento obreiro organizado**, coa formulación das primeiras ideas socialistas e coa toma de conciencia política por parte do nacente proletariado.

5. Unificación de Italia

5.1. Contexto previo á unificación

A unificación italiana, coñecida como **Risorgimento**, foi un proceso político e militar desenvolvido ao longo do século XIX que culminou coa creación do Reino de Italia en 1861. Tivo a súa orixe no impacto das ideas liberais e nacionalistas espalladas pola Revolución Francesa e polas vagas revolucionarias de 1820, 1830 e, especialmente, 1848, nas que xa apareceran proxectos de reorganizar a península Italiana.


A Italia de comezos do século XIX estaba dividida en múltiples estados: o **Reino de Piemonte-Sardegna**, o **Reino das Dúas Sicilias**, os **Estados Pontificios**, varios ducados do norte e zonas baixo control directo do **Imperio Austríaco** (especialmente Lombardía e o Véneto).

Esta fragmentación, que dificultaba o desenvolvemento económico da rexión, comezou a ser cuestionada por diversos políticos e pensadores defensores dun nacionalismo italiano que buscaba a unificación. Destacaban **Giuseppe Mazzini** (fundador da “Xoven Italia”, defensor dunha unificación republicana, democrática e popular), o rei **Víctor Manuel II** de Piemonte-Sardegna (símbolo da unificación monárquica), o primeiro ministro piemontés, **Camilo Benso de Cavour** (líder do liberalismo moderado e principal artífice da unificación desde arriba, mediante a diplomacia e alianzas estratéxicas) ou **Giuseppe Garibaldi** (militar voluntario, símbolo do nacionalismo romántico e protagonista das expedicións populares no sur).

5.2. O proceso unificador italiano

1. **A guerra contra Austria (1859)**: Piemonte-Sardegna, aliado con Francia, derrotou Austria e incorporou a rexión da Lombardía. Diversos estados do centro de Italia uníronse ao proxecto piemontés tras o voto positivo en plebiscitos populares.
2. **A “Expedición dos Mil” (1860)**: Garibaldi dirixiu un exército voluntario que ocupou o Reino das Dúas Sicilias (o territorio de Nápoles e a illa de Sicilia), cedendo despois estes territorios ao rei Víctor Manuel II, o que consolidou a unificación desde o sur.
3. **Proclamación do Reino de Italia (1861)**: Víctor Manuel II converteuse en rei de Italia. A capital sería inicialmente Turín, trasladándose despois a Florencia.
4. **Incorporación do Véneto (1866)**: Italia aliouse con Prusia contra Austria na Guerra Austro-Prusiana e obtivo a rexión do Véneto, ao norte, como consecuencia da derrota austríaca.

5. **Anexión de Roma (1870):** a retirada das tropas francesas que protexían ao Papa permitiu ao exército ocupar Roma, que sería declarada nova capital do Reino de Italia, quedando reducidas as posesións papais á Cidade do Vaticano, e iniciándose un conflito entre a Santa Sede e o Estado italiano.



5.3. Balance da unificación

A unificación italiana tivo un carácter híbrido, xa que por un lado foi monárquica e liberal desde arriba (Cavour e Víctor Manuel II), pero tamén foi popular (Garibaldi).

Supuxo o final da fragmentación política da península Italiana e deixou pendentes cuestións como a tensión entre o Estado liberal e a Igrexa, así como fortes diferenzas económicas entre o norte industrial e o sur agrario (a coñecida como “cuestión meridional”).

5. Unificación de Alemaña

5.1. Contexto previo á unificación

A unificación alemá foi un proceso político e militar liderado polo reino de **Prusia** que culminou coa proclamación do **II Reich** en 1871. Igual que no caso italiano, tivo como antecedentes o nacionalismo liberal nacido tras as invasións napoleónicas e os fracasos da vaga revolucionaria de 1848, especialmente a Asemblea de Frankfurt, que non lograra unificar Alemaña baixo unha constitución liberal.

Nas primeiras décadas do século XIX, o espazo alemán estaba composto por 39 estados integrados na **Confederación Xermánica**, creada en 1815 e dominada polo Imperio Austríaco. O desenvolvemento económico impulsado polo **Zöllverein** (unha unión aduaneira xermana liderada por Prusia) favoreceu a centralidade prusiana e amosou as vantaxes dunha unificación económica previa á política.

A figura esencial do proceso foi **Otto von Bismarck**, chanceler prusiano, defensor do “realismo político” e da unificación mediante o que el chamou “sangue e ferro”: unha combinación de diplomacia estratéxica e guerras rápidas e decisivas.

5.2. O proceso unificador alemán

1. **Guerra contra Dinamarca (1864):** Prusia e Austria uníronse para derrotar Dinamarca e controlar os ducados de Schleswig e Holstein. Esta colaboración sería só temporal, pois o control compartido provocaría unhas tensións que Bismarck utilizaría ao seu favor.
2. **Guerra Austro-Prusiana (1866):** co pretexto da administración dos ducados, Prusia derrotou Austria na batalla de Sadowa. Isto provocou a disolución da Confederación Xermánica, a creación da **Confederación da Alemaña do Norte** (liderada por Prusia) e a exclusión definitiva de Austria do proxecto nacional alemán.
3. **Guerra Franco-Prusiana (1870-1871):** Bismarck aproveitou a tensión diplomática coa Francia de Luis Napoleón III para provocar unha guerra que unise os estados alemáns do sur ao proxecto prusiano. A rápida derrota francesa en Sedán provocou o colapso do Segundo Imperio francés e facilitou a culminación da unificación.
4. **Proclamación do II Reich (1871):** no Palacio de Versalles, os príncipes alemáns recoñeceron a **Guillermo I de Prusia** como emperador alemán (Kaiser). Nacía así un novo Estado fortemente centralizado, cunha constitución federal e un desenvolvemento industrial acelerado.

5.3. Balance da unificación

O novo Estado alemán converteuse axiña nunha das grandes potencias europeas grazas ao seu poder industrial e militar. A unificación tivo un carácter claramente **autoritario e militarizado**, dirixida desde arriba polos conservadores prusianos (destacando a Bismarck), aínda que incorporando algúns elementos liberais.

A creación do II Reich alemán **alterou profundamente o equilibrio europeo** e contribuíu ao clima de rivalidades que caracterizou a segunda metade do século XIX, e que acabará desembocando no estoupido da I Guerra Mundial xa a comezos do século XX.

